

SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS PARA CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS

- 1.- **Prazo de solicitude: Dende o día 18 ata o día 27 de xullo de 2022.**
- 2.- **Lugar de presentación das solicitudes:** As solicitudes de inscrición deberán presentarse **PREFERENTEMENTE** a través da sede electrónica do Concello da Estrada (<https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>), ou no seu defecto no Rexistro Xeral do Concello da Estrada, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.
- 3.- **Terán carácter preferente no uso das instalacións** os programas deportivos municipais e as actividades e competicións de carácter federativo, así como no caso dos pavillóns dos centros educativos, as actividades organizadas polos propios centros ou as ANPAS.
- 4.- **A concesión dunha franxa horaria a tempada anterior, en calquera instalación, non implica que esa mesma sexa concedida esta tempada automaticamente polo feito de facer a solicitude.** As asignacións de horarios, serán adaptadas a tempada de referencia e serán única e exclusivamente para a tempada 2022-2023.
- 5.- A Estrada Deporte **poderá modificar, adaptar ou eliminar horarios de utilización de instalacións concedidos**, previa comunicación o/os club/s afectados. Deste xeito, os horarios asignados poderían variar en función do número de solicitudes, das datas do curso escolar, de competicións oficiais e torneos e eventos deportivos puntuais.
- 6.- Dende A Estrada Deporte tentarase dar cobertura dos horarios solicitados segundo o número de deportistas/equipos do club, categoría na que participen e antigüidade. As solicitudes de maior número de horas atenderanse segundo a carga e a dispoñibilidade da instalación. **Agradecemos cas solicitudes sexan reais** e se axusten as verdadeiras necesidades de cada solicitante, para poder optimizar o uso das instalacións. Deberase de indicar na solicitude a data de inicio das actividades por parte do club.
- 7.- De detectarse a non utilización dun/s horario/s asignado/s por parte dun usuario, A Estrada Deporte cancelará a concesión do mesmo, quedando a disposición deste departamento para a súa xestión.
- 8.- **Todas aquelas solicitudes que non se presenten dentro do prazo, atenderanse unha vez realizado o cadrante de horarios de cada instalación, e dentro das dispoñibilidades existentes.**
- 9.- **Os horarios asignados estarán vixentes dende o 1 de Setembro de 2022 ata o 30 de xuño de 2023.** Aqueles clubs que necesiten iniciar ou rematar a súa actividade fora dese período, deben de comunicarllo a A Estrada Deporte para poder utilizar a instalación correspondente.